

A Coruña, 27 de xuño de 2016

Fundación Repsol e Xunta de Galicia convocan a X edición do Premio Narrativa Breve Repsol

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, e o vicepresidente de Fundación Repsol, Ignacio Egea, asinaron esta mañá a renovación do convenio de colaboración que ambas as dúas entidades manteñen desde o ano 2006.

Fundación Repsol e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocan a X edición do Premio Narrativa Breve Repsol.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, e o vicepresidente de Fundación Repsol, Ignacio Egea, asinaron esta mañá a renovación do convenio de colaboración que ambas as dúas entidades manteñen desde o 2006. Estiveron acompañados polo secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e polo director da Refinería de Repsol na Coruña, Luís Felipe Llamas.

O obxectivo do convenio é o impulso da creación de literatura en galego, a través deste certame literario xa consolidado e de referencia no panorama das letras galegas. Desta forma, a Xunta de Galicia promove, xunto ao apoio de Fundación Repsol, o uso social da lingua galega, un dos ámbitos prioritarios para a política lingüística.

Requisitos do premio

A dotación económica do premio ascende, por cuarto ano consecutivo, a 12.000 euros e inclúe a publicación da novela curta por parte da Editorial Galaxia.

As obras poderán enviarse antes do próximo 30 de xullo. Os textos deberán ser orixinais e escritos en galego, conforme á normativa establecida pola Real Academia Galega, cunha extensión mínima de 50 folios e máxima de 120.

Unha vez pechado o prazo, un xurado decidirá a obra gañadora que se dará a coñecer no mes de setembro. Estará conformado por cinco membros, que representarán á Fundación Repsol, á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería, á Real Academia Galega, á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e á Editorial Galaxia.

As bases están dispoñibles nas webs fundacionrepsol.com e acoruna.repsol.com.

O Premio Narrativa Breve Repsol

O Premio Narrativa Breve Repsol foi creado no ano 2006 pola Refinería e vertebrado de forma conxunta coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, co obxectivo de fomentar a cultura e a lingua galega. No 2010, Fundación Repsol toma o relevo da Refinería no impulso do certame, que desde o seu inicio, conta co apoio da Real Academia Galega e da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, así como coa estreita colaboración da Editorial Galaxia, que editou as anteriores obras gañadoras.

Na primeira edición, en 2006, o xornalista Miguel Sande conseguiu este galardón pola súa obra *Se algún día esta muller morta* e Xavier Lama, profesor da USC e xornalista, conseguiu un accésit por *O insomnio dous centauros*. A gañadora da segunda edición foi a obra *Así nacen as baleas*, da escritora Ángeles Sumai, e na terceira o narrador, dramaturgo e debuxante humorístico Xosé Luís Martínez Pereiro obtivo o galardón por *A verdade como mal menor*. Na edición 2010 o premio foi para o escritor galego, Xurxo Sierra pola súa obra *Os Fios. Microbios e outros paquidermos* de Fernando Díaz-Castroverde gañou a edición de 2011. En 2012, o galardón foi para *A forma das nubes*, de María López Sandez; mentres que no 2013 a novela curta gañadora foi *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila. No 2014 Santiago Lopo conseguiu o premio grazas á súa obra *A Diagonal dos Tolos*. E o pasado ano a última galardoada foi *Fontán* de Marcos Calveiro.